



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE MARZO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente: D. MANUEL COSTA CARNEIRO

Concelleiros/as

D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ

D^a. MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA

D^a. RAQUEL SANGIAO DURÁN

D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN

D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ

D^a. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO

(Escusa asistencia)

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Secretario

D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde don Manuel Costa Carneiro, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta de sesión anterior. (24/02/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 24/02/2021 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para o saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra (A Coruña) susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia do COVID-19.

Dáse conta da proposta de convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra, cuxo obxecto é establecer as condicións básicas para a colaboración entre os dous organismos, que permita acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz . Fase III. Concello de Vedra (A Coruña), a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O custe total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a un millón catrocentos mil (#1.400.000,00#) euros, distribuídos en dúas anualidades, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO	TOTAL
EXERCICIO 2021	160.000,00	40.000,00	200.000,00
EXERCICIO 2022	960.000,00	240.000,00	1.200.000,00
TOTAL	1.120.000,00	280.000,00	1.400.000,00

Os gastos que se xeren na execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

*Gasto non elixible, aproximadamente o 20% do investimento total, que será financiado exclusivamente polo Concello de Vedra, cunha achega máxima de 280.000,00 euros.

*Gasto elixible, de aproximadamente o 80% do investimento que é susceptible de ser financiado pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

Proponse:

PRIMEIRO.- Aprobar o citado Convenio de colaboración coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para as obras consistentes no *Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III. Concello de Vedra.*

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Sr. Costa Carneiro di que se trata de aprobar un convenio para complementar a terceira e última fase do saneamento en Santa Cruz e San Mamede. Nunha das fases foi a depuradora, que supuxo unha gran inversión, e queda nese territorio por executar o que se vai complementar con este proxecto. É un proxecto importante de 1.400.000 € co que esperan dar resposta ás necesidades dese lugar.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE quere sinalar que ao convenio fálta-lle a data de sinatura, non se sabe cando se asinou e quere sabela.

O Sr. Secretario di que primeiro é o acordo e despois a sinatura do convenio.

Intervén de novo dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, que di que no punto 5 do convenio pon “completar o saneamento do concello”. Supón que é un erro porque aínda lle falta moito ao concello no tema do saneamento. Solicita que se modifique.

Pregunta cantos veciños se van beneficiar dese convenio.

No pleno de decembro cando aprobaron o presuposto, dende o PSdeG-PSOE resaltouse que do presuposto da Xunta de Galicia para Vedra había 0 €, e Boqueixón ía dispor dunha depuradora nova. Trasládaronlle ao grupo parlamentario do PSdeG-PSOE unha



proposta de investimento. Alégrase de que finalmente Vedra vaia contar cun investimento por parte da Xunta de Galicia e espera que siga investindo en Vedra nos vindeiros anos.

Solicita que os manteñan informados da evolución do convenio, da licitación e adxudicación da obra.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor. Non obstante, cre que é unha tecnoloxía obsoleta, en desuso e cun mantemento moi caro e é unha lousa que lle queda ao concello.

Posto a votación o citado convenio, apróbase por unanimidade.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

O Sr. Costa Carneiro di que queda para o seguinte pleno.

4º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na Xunta de Goberno Local do 11/03/2021 hai varias Resolucións de Alcaldía de procedementos sancionadores por infraccións de medidas sanitarias da COVID-19. Pregunta a que se refiren.

2º.- En plenos anteriores, o Sr. García Cutrín preguntou cando ían comezar coa limpeza das cunetas. Dous meses despois segue todo igual e a praza de tractorista quedou deserta. Pregunta que medidas pensan tomar ao respecto e que dificultades están atopando.

3º.- Solicita un informe por parroquias da porcentaxe de poboación de Vedra que ten servizo de abastecemento e saneamento.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- No pleno anterior un concelleiro afirmou que o tema das tendas on line non era a moción do BNG, e realmente quere confirmalo, porque vendo que vai ser un fracaso absoluto, interésalle desvincularse desa chapuza. Quere saber se se reafirman en que o que se está a facer non se corresponde coa moción do BNG.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- No Pleno de xaneiro aprobouse que se ía gastar a achega do POS social sobre todo no Servizo de Axuda a domicilio pero aínda non se está vendo esa ampliación. Pregunta cando van comezar a ampliar o servizo.

2º.- Solicita que se retiren os restos dos roces que se fagan nas marxes dos montes, porque iso supón un risco para os incendios e segundo o plan contra os incendios teñen que estar limpos os montes antes do 31 de maio.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta e cinco minutos.